

## REGULAMENTO DO “III CONCURSO DE PINCHO EN PINCHO”

### 1. Obxecto do concurso

Debido á boa acollida destes dous últimos anos no I e II Concurso de pincho en pincho celebrado neste concello, e para continuar ca promoción e dinamización da actividade da hostalería no municipio, convocamos o “III Concurso de pincho en pincho”.

### 2. Participantes

Foron convidados a participar todos os establecementos do sector da hostalería do municipio, e de acordo con todos os presentes na reunión do 07/03/2018, foron convidados a participar pola súa proximidade o “Café-Bar Marcial” e o “Bar A Casa Blanca”. Por tanto, os establecementos que poden participar son os seguintes:

- Taberna Irmandiños
- Bar Toñito
- Bar Xambas
- Bar Ubaldo
- Bar a Terraza
- Restaurante Delfino
- Mesón O Campo
- Casa Pena
- Casa Sixto
- Café-Bar Marcial
- Bar A Casa Blanca

### 1. Modalidades de participación

Establécense 3 modalidades: o pincho tradicional, o orixinal e o máis saboroso.

Todos os pinchos deberán ser elaborados de forma artesá, deben ser pequenos e poder comerse en 2 ou 3 bocados.

Non se aceptarán receitas precociñadas.

A organización resérvase o dereito de non aceptar un pincho a concurso se considera que non se axusta ás condicións descritas. Neste caso, o establecemento terá a opción de presentar outro pincho ao Concurso.

Cada establecemento só poderá concursar cunha única modalidade de pincho.

## **2. Prazo de inscrición**

A inscrición presentárase no Rexistro Xeral do Concello de Moeche, dende o 19 de marzo ata o 22 de marzo de 2019, en horario de 09.00 a 14.00 horas.

Para inscribirse deberá cubrir debidamente o modelo de solicitude (Anexo I).

Non se admitirán as solicitudes remitidas por correo postal, terán que ser presentadas de maneira presencial na casa do Concello.

## **3. Premios**

### **3.1 Premios para os establecementos participantes:**

· Para os locais gañadores das 3 mellores modalidades o concello entregará:

Trofeo e un distintivo

### **3.2 Premios para a clientela participante:**

Entre todos os votantes que selen toda a tarxeta do III Concurso de Pincho en Pincho do Concello de Moeche, sortearanse os seguintes premios, que serán doados por todos os establecementos participantes no concurso ca colaboración do Concello de Moeche:

- 1 bono individual de persoa adulta para a piscina de Moeche válido para toda a tempada 2019.
- Entradas gratuítas para 1 persoa adulta para todas as actividades organizadas polo concello de Moeche durante o ano 2019 (excursións, teatro, Castelo de Sons, rutas xeolóxicas,...)
- 2 lotes de produtos locais doados por todos os establecementos participantes no concurso.

## **1. Fases do concurso**

### **1.1 Presentación**

Antes do comezo do concurso, publicarase na web municipal a listaxe dos establecementos participantes, xunto coas bases e as características do concurso.

Distribuirase unha urna e tarxetas de votacións en cada un dos establecementos participantes.

### **1.2 Datos, horarios e votacións**

Desenvolverase entre o venres 5 de abril e o domingo 7 de abril de 2019.

O horario en que o pincho estará obrigatoriamente a disposición do cliente será:

Venres de 20.00 a 23.00 horas.

Sábado de 11.00 a 15.00 e de 20.00 a 23.00 horas.

Domingo de 11.00 a 15.00 horas.

O local poderá ampliar o seu horario para a degustación do pincho, se o considera oportuno. Se algún local non pode abrir algún día, terao que notificar no Anexo I para facer constar o peche no cartel do concurso.

O pincho do concurso será gratuíto, sempre que se efectúe unha consumición no establecemento, non se servirá pincho sen ter antes solicitado a consumición.

Entregarase un cartel de participación en que aparecerá o nome do establecemento e o nome do pincho co que concurra.

Así mesmo, cada establecemento terá un selo ou unha firma, para selar a tarxeta do III Concurso de pincho en pincho do Concello de Moeche.

Haberá unha urna para depositar as tarxetas.

### **1.3 Selección do establecemento gañador**

Os locais gañadores do pincho tradicional, orixinal e saboroso serán aqueles que decida o público participante.

As persoas que degusten todos os pinchos participantes no concurso terán a posibilidade de votar polo que consideren o mellor pincho nas 3 categorías. Só será válida a tarxeta selada por todos os establecementos participantes no concurso.

O pincho que teña máis votos en cada unha das categorías terá o premio ao *Mellor pincho tradicional, orixinal ou saboroso 2019*.

### **1.4 Entrega dos premios**

A entrega de premios realizarase en acto público que terá lugar na data que determine a organización e nun dos establecementos gañadores.

Nese mesmo acto procederase ao sorteo dos agasallos para os clientes. En caso de non estar os gañadores presentes no acto, notificaráselles o premio por teléfono e marcarase unha data para facerlles entrega dos premios.

## **2. Dereitos de imaxe**

As persoas premiadas ceden os seus dereitos de imaxe para as reportaxes fotográficas informativas e promocionais relacionadas con este concurso en calquera soporte divulgativo (prensa escrita, web, facebook, etc.)

## **3. Aceptación das bases**

A presentación ao concurso implica a aceptación das súas bases.

## **4. Anexo I**

Modelo de solicitude

Para calquera consulta relacionada co presente concurso poden dirixirse ao Concello no 981404006, departamento de Desenvolvemento Local.